



## **BASES REGULADORAS DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2020**

### **CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO**

#### **Artigo 1. Ámbito de aplicación.**

O ámbito de aplicación das presentes bases será a poboación menor con idades comprendidas entre os 4 e os 13 anos de idade empadroados/as no municipio de Castrelo de Miño.

#### **Artigo 2. Concepto e obxectivos.**

Créase este campamento no municipio de Castrelo de Miño co fin de axudar ás familias na conciliación da vida persoal e laboral durante a época estival e dada a actual situación de especial consideración por mor da crise do COVID-19. Preténdese, a través de actividades educativas e lúdicas, ofrecer aos nenos/as unha opción de tempo libre positiva, alternativa e divertida, e así, fomentar neles/as actitudes e valores positivos, tales como, a cooperación, a solidariedade, e o respecto mutuo, creando un entorno educativo durante o verán. Favorecer o seu desenvolvemento a través do xogo, a convivencia en grupo e a realización de actividades adaptadas ás súas necesidades.

#### **Artigo 3. Requisitos:**

Poderán optar a ser usuarios deste campamento aqueles nenos e nenas que cumpran cos seguintes requisitos:

Ter unha idade comprendida entre 4 e 13 anos (a efectos do cómputo da idade deberán cumprir os anos antes de comezar o campamento).

Estar empadroados no Concello de Castrelo de Miño, con un ano de antigüidade mínimo dende a data da solicitude do campamento.

Ter asinado o consentimento informado redactado no ANEXO 3, posteriormente á data na que teña lugar a reunión informativa coa organización do campamento.

#### **Artigo 4. Número e tipoloxía de prazas ofertadas:**

O total das prazas ofertadas será de 20. Será preciso un número mínimo de 10 nenos/as para que se desenvolva o campamento. Sendo o total das prazas (20), todas elas de balde.

#### **Artigo 5. Criterios de selección:**

A orde de selección será por rigorosa orde de entrega da solicitude.





No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas terán preferencia:

1. Os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Castrelo de Miño e matriculados/as no CEIP de Castrelo de Miño.
2. Os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Castrelo de Miño e non matriculados/as no Colexio de Astariz.

Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda. As solicitudes fóra do prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres. Non serán admitidos nenos/as que non cumpran cos requisitos esixidos.

As solicitudes para participar no campamento de Verán do Concello de Castrelo de Miño presentaranse conforme os modelos que figuran no ANEXO 1 das presentes bases, todos eles debidamente cumprimentados e lexibles.

O prazo para presentar a inscrición será a partir do día seguinte da publicación destas bases na sede electrónica do Concello de Castrelo de Miño, e ata o 2 de xullo ás 14:30. Só serán admitidas solicitudes presentadas fóra de prazo se houbera prazas dispoñibles. Unha vez finalizado o período de inscrición, realizarase chamada telefónica para confirmar a praza e a data de reunión.

O chamamento por listaxe de agarda será mediante chamada telefónica. Considerarase como desestimada, e polo tanto, anularase a inscrición existente listaxe de agarda a:

- Non aceptación da proposta.
- Non recepción de contestación telefónica nun prazo de 48 horas.

### **Artigo 7. Lugar de presentación das solicitudes**

As solicitudes debidamente cumprimentadas presentaranse na Casa do Concello de Castrelo de Miño.

### **Artigo 8. Horario.**

O campamento comezará o día 6 de xullo de 2020 e rematará o 28 de agosto de 2020. O horario será:

- De luns a venres de 9:30 a 13:30.

### **Artigo 9. Normas de funcionamento.**

É obrigatoria a asistencia. Os/as nenos/as que falten a actividade de 2 ou máis días, sen xustificar debidamente perderán a súa praza en favor do/da seguinte na listaxe de agarda.





A falta de cumprimento nas normas de convivencia e seguridade, ou o comportamento un neno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederase a avisar á familia e a proceder a dar de baixa ao neno/a no campamento.

É de obrigatorio cumprimento, o seguimento das normas recollidas no ANEXO 2, das presentes bases.

A participación nos campamentos suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases e as normas de seguridade e comportamento durante o desenrolo do campamento. O Concello de Castrelo de Miño resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento do campamento.

Castrelo de Miño, a 23 de xuño de 2020.

O Alcalde

Esteban Suárez Méndez





## ANEXO 1 FICHA DE INSCRICIÓN

DATOS PERSONAIS DO MENOR		
<b>DNI</b>	<b>Apelidos</b>	<b>Nome</b>
<b>Domicilio</b>		<b>Nº</b>
<b>Municipio</b>	<b>Provincia</b>	<b>Código Postal</b>
<b>Teléfonos de contacto</b>		
<b>Data de nacemento</b>	<b>¿Algún tipo de discapacidade que lle impida a práctica normal de actividades?</b>	
<b>Observacións a ter en conta:</b>		
DATOS PERSOAIS DA NAI/PAI/TITOR		
<b>DNI</b>	<b>Apelidos</b>	<b>Nome</b>
<b>Domicilio</b>		<b>Nº</b>
<b>Municipio</b>	<b>Provincia</b>	<b>Código Postal</b>
<b>Coa sinatura desta ficha autorizo baixo a miña responsabilidade a participar no campamento:</b>		
<b>Asdo:</b>		

CONCELLO CASTRELO DE MIÑO é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e informalmente que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir aseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO CASTRELO DE MIÑO. Avda. do Concello, 18 - 32430 Castrelo de Miño (Ourense). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.





## **AUTORIZACIÓN PARA A RECOLLIDA DE MENORES**

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

pai/nai/titor legal do menor \_\_\_\_\_

autorizo a que o meu fillo/a sexa recollido/a pola/s seguinte/s persoa/s:

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

En Castrelo de Miño, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

Asdo.

Os menores non pederán sair sós do recinto.

Os menores poderán ser recollidos por calquera persoa AUTORIZADA sempre e cando esta sexa maior de idade.

Poderanse facer cambios (engadir ou quitar) as persoas de recollida. As autorizacións estarán sempre a disposición dos usuarios.

CONCELLO CASTRELO DE MIÑO é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO CASTRELO DE MIÑO. Avda. do Concello, 18 - 32430 Castrelo de Miño (Ourense). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.





## CESE DE DATOS E IMAXES CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO

O Concello de Castrelo de Miño, dentro do campamento municipal, poderá difundir as imaxes que teñen por obxecto divulgar as actividades que se realicen dentro desta, podendo ser incluídas en notas de prensa, páxinas web, redes sociais, e tamén nas memorias e documentos xustificativos do concello, entre outros. Autorizo ao uso das imaxes do meu fillo/a : **NON**  **SI**

Da mesma maneira, cedo o uso dos meus datos persoais para fins publicitarios a devandito Concello, podendo facer uso dos mesmos en notas de prensa, páxinas web, redes sociais, e tamén nas memorias e documentos xustificativos do concello. Autorizo ao uso dos meus datos e os do/a fillo/a: **NON**  **SI**

## INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

### Responsable do tratamento.

O Concello de Castrelo de Miño é o responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que vostede facilite nesta ficha, pode pórse en contacto co Concello na dirección Avda. Do Concello 18, 32430 Castrelo de Miño (Ourense) e no e-mail: [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com)

En virtude da súa natureza de entidade pública, o Concello de Castrelo de Miño ten designado un Delegado de Protección de Datos, co que pode pórse en contacto a través de la dirección de correo electrónico [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com)

### Fin do tratamento e base xurídica

A finalidade do tratamento dos datos é o cumprimento das competencias do Concello para a xestión das actividades, de conformidade co disposto na súa normativa e en concreto nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 1/1982 de protección civil, dereito ao honor, intimidade persoal e familiar e a propia imaxe.

Poderán tomarse imaxes e/ou vídeos das actividades para dar publicidade ás mesmas nos medios de comunicación, redes sociais e páxina web do concello.

### Destinatarios dos datos.

Os datos poderán ser cedidos a outras administracións públicas no exercicio das súas competencias. Así como, no seu caso, á empresa adxudicataria da execución das actividades.

### Prazo de conservación.

Os datos se conservarán mentres se manteña a prestación do servizo e posteriormente, para dar resposta a posibles esixencias de responsabilidade derivada do servizo e para dar cumprimento as obrigas de arquivo ou rexistro público.

### Dereitos do interesado.

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se o Concello está a tratar datos persoais que o concirnan.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder a os seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fines para os que foron recollidos.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en tal caso, soamente conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados con a súa situación particular, os interesados poderán oporse ó tratamento dos seus datos. En caso de que proceda, o Concello deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos como o cumprimento das funcións ou obrigacións legalmente establecidas, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións

Cando o tratamento estea baseado no consentimento do interesado, este ten o dereito a retirar o consentimento en calquera momento.





No caso de que o interesado estime que non se está a facer un tratamento adecuado dos seus datos, pode presentar unha reclamación ante o Delegado de Protección de Datos designado o ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

#### **Necesidade de facilitar a información**

Os datos solicitados para a tramitación da solicitude resultan necesarios para a comprobación do cumprimento polo solicitante dos requisitos establecidos e a correcta prestación do servizo, se o solicitante non facilita estes datos podería ver rexeitada a súa solicitude.

Castrelo de Miño, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

Asdo.



## ANEXO 2

### **Normas de obrigado cumprimento:**

1. Colocaranse dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e saída do recinto, para manter a maior hixiene posible, facendo uso deles tanto na chegada ou saída, así como, despois de calquera actividade.
2. Manterase unha distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre cada participante naquelas actividades que o permitan. Nas demais actividades, farase uso de máscara como medida de protección física (DOGA. 13 de xuño de 2020)
3. As actividades deberán realizarse en grupos como máximo de 15 persoas participantes, máis os monitores/as correspondentes. (Se existe máis de 1 grupo non poderán manter contacto entre eles)\*
4. É moi importante ser puntual, tanto en hora de entrada para non interromper ós demais compañeiros e para desfrutar da actividade completa; como na hora de saída.
5. As/Os Nenas/os non poden levar consigo teléfono móbiles, reprodutores de música, IPOD´s, PSP, Nintendo ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico que lles distraia das actividades, no caso de encontrar algún, o monitor/a está autorizado/a a gardalo ata o final do día.
6. Deberanse notificar todas as intolerancias, alerxias ou necesidades específicas que as/os nenas/os presenten para o seu correcto coidado.
7. Respectaremos en todo momento ós/ás nosos/as compañeiros/as e monitores/as.
8. Todas/os participaremos nas actividades programadas.
9. Cumprimos os horarios establecidos para as actividades e o descanso.
10. Comprometémonos a respectar o material e facer un bo uso del.







### ANEXO 3 CONSENTIMENTO INFORMADO

Dn/a.....NIF..... con domicilio en..... e na miña condición de representante legal d@ menor .....

DECLARO BAIXO A MIÑA PLENA RESPONSABILIDADE

1.- Que o/a menor **NON** estivo en contacto con persoa que teña estados enferma polo coronavirus, nin sufriu febre, nin tose, nin falta de aire nin calquera outro dos síntomas vinculados a tal enfermidade nos quince días anteriores ao inicio da actividade do campamento. Tampouco o menor manifestou síntomas de febre elevada, tose, cansazo xeneralizado, nin falta de aire nin ningún outro síntoma vinculado ao coronavirus nos quince días anteriores ao inicio da actividade.

2.- Que o/a menor dispón do calendario vacinal actualizado (exceptuando vacinacións pospostas polo período de confinamento). No caso de menores non vacinados ou menores co calendario pendente de actualización, deberá garantirse un intervalo mínimo de 15 días entre a vacinación e o inicio da actividade.

3.- Fun informado polo persoal da entidade organizadora e de forma totalmente comprensible das medidas hixiénico- sanitarias adoptadas e que se van aplicar durante o desenvolvemento de toda a actividade en materias de hixiene diaria, convivencia, formación do persoal, controis sanitarios básicos, actividades, e hixiene de zonas comúns. Informouseme e explicouseme que tales medidas seguen as recomendacións de boas prácticas do Ministerio de Sanidade.

4.- Autorizo a aplicación das medidas hixiénico-sanitarias básicas expostas e precisas para a seguridade no desenvolvemento da actividade

5.- Obrígame a comunicar inmediatamente á entidade organizadora a aparición de calquera síntoma compatible coa enfermidade do coronavirus tanto no menor apuntado como en calquera dos seus familiares cos que conviva e a que o/a menor non acuda ó campamento.

6.- Comprométome á comprobación diaria do estado de salud do/a menor antes da incorporación á actividade e a notificar as causas de ausencia ao monitor responsable do grupo a través do móbil ou outro medio.

7. Autorizo ao Concello de Castrelo de Miño a facer as oportunas comprobacións do cumprimento dos requisitos establecidos para o acceso ao servizo (empadroamento no Concello de Castrelo de Miño,...)

8.- Son consciente de que as medidas hixiénico-sanitarias adoptadas aínda sendo eficaces **NON** eliminan de forma absoluta o risco de posible contaxio durante o desenvolvemento da actividade **asumindo** plenamente o risco que supón a participación do menor no campamento e eximindo de toda responsabilidade á entidade organizadora.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente en..... a..... de..... do dous mil vinte

Asdo.

